



FÁLAME DA EMIGRACIÓN. O VALOR DA EXPERIENCIA
Historias de vida na emigración
Proposta de traballo escolar para o alumnado

//Afundación
Obra Social ABANCA

QUE É UNHA HISTORIA DE VIDA?

O **método biográfico** utilízase para a investigación en diferentes ámbitos das ciencias sociais, como a historia, a antropoloxía ou a socioloxía. A historia de vida, tamén coñecida como historia oral, é un método de investigación baseado no estudo de caso, referido á experiencia dunha persoa e á narración subxectiva do seu relato. A narración da persoa informante é recollida pola persoa investigadora tomando notas ou ben con gravadora de voz ou vídeo. Logo, esta extraerá os datos máis relevantes para construír a historia de vida ao longo do tempo e do espazo.

QUE FACER?



Tira do fío da túa historia familiar

Investiga sobre os teus vínculos familiares coa emigración, indaga sobre a túa propia historia familiar mediante entrevistas, preguntalle á túa familia, estivo alguén na emigración? A que país emigrou? Por que motivos? Podes traballar sobre o relato dunha persoa que estea viva ou sobre a historia dalgún dos teus devanceiros.

COMO FACELO?

Entrevista persoas maiores para coñeceres a súa historia de vida

Toma notas ou rexistra a entrevista cunha gravadora de voz ou en vídeo. Se a protagonista da túa historia é unha persoa que xa non está viva, entrevista persoas que che proporcionen información acerca da súa biografía.

Recole información de fontes secundarias

No caso de tratarse dunha persoa relevante, bota man das chamadas fontes secundarias, libros, internet, xornais antigos na hemeroteca...

Recupera documentación persoal

Busca nos vellos álbums de fotos, nos caixóns, nos armarios ou no faiado documentación persoal para o teu traballo:

- Fotografías da súa mocidade, de antes de marchar á emigración, da viaxe, da súa vida noutros países...
- Documentos: cartas enviadas a familiares, pasaporte, billetes, cartillas, etc.
- Fotografías de obxectos: cámaras, maletas, libros...



COMO PRESENTAR O RESULTADO DO TRABALLO?

Cun **texto** que explique a traxectoria vital da persoa protagonista da túa historia nun documento de Word ou Open Office Writer. Deberá ter o seguinte contido:

- Nome e apelidos de quen fixo o traballo.
- Nome do centro e curso.
- Nome e apelidos da persoa protagonista da historia.
- País ao que emigrou.
- Data de nacemento e, no caso de que sexa unha persoa que xa non vive, data de falecemento.
- Ano no que emigrou e ano de retorno.
- Historia de vida cunha extensión máxima de 500 palabras e coa narración da súa traxectoria na emigración, facendo fincapé nos principais aspectos do proceso migratorio:

1. Por que emigrou. Cales foron as circunstancias económicas, sociais, familiares ou doutro tipo que motivaron a decisión.

2. Que idade tiña cando emigrou.

3. Que profesións tivo no país de destino e como foi a vida laboral.

4. Como foi a vida cotiá no país de acollida, como foi a integración, a relación con outros emigrantes...

5. Como eran as relacións coa familia desde a distancia.

6. Como foi o retorno. Que o motivou.

7. Valoración xeral da súa vivencia na emigración, de que maneira influíu na súa vida, como se sentiu, como afectou á súa identidade, como se sente agora...

Opcionalmente poderanse presentar outros soportes:

- **Vídeo editado** ou audio cun pequeno documental ou entrevista a persoa protagonista, en formato mp4 e con duración máxima de 5 minutos.
- **Fotografías antigas** escaneadas. Para poder usalas deberán ser fotografías orixinais das que sexa propietario o/a alumno/a ou os seus pais ou titores legais.
- **Documentos escaneados.**

É imprescindible obter o consentimento da persoa entrevistada para narrar a súa historia de vida e a conformidade co texto definitivo. Debe asinar esta autorización e remitir o orixinal a Afundación para que poidamos publicar o teu traballo.

Todo o traballo, documentación recompilada e autorizacións, presentaranse a través do profesorado responsable do proxecto no teu centro, que o remitirá por correo electrónico a falamedaemigracion@afundacion.org

CONFORMIDADE CO TRABALLO ESCOLAR «HISTORIA DE VIDA DA EMIGRACIÓN» E AUTORIZACIÓN PARA O USO DE FOTOGRAFÍAS E DEREITOS DE IMAXE

Proxecto interxeracional «Fálame da emigración. O valor da experiencia» de Afundación

No marco do acordo de colaboración entre centros educativos de Galicia e a Fundación Galicia Obra Social, con NIF G 70270293 e domicilio en Cantón Grande, 8, A Coruña (en diante Afundación), estase a realizar o proxecto interxeracional «Fálame da emigración. O valor da experiencia». O proxecto ten como obxectivo **xerar unha canle de diálogo interxeracional, cooperación e intercambio de experiencias entre maiores e alumnado, para comprender os fenómenos migratorios contemporáneos dende a perspectiva da experiencia vital dos emigrantes** e o contexto social e histórico da emigración galega.

Con ese fin, Afundación realiza as seguintes accións:

- Facilita que os socios e socias dos centros de maiores de Afundación colaboren voluntariamente cos centros educativos para favorecer a comprensión dalgunhas materias do currículo escolar.
- Realiza **encontros interxeracionais** co alumnado, en que as persoas maiores e o estudiantado establecen un diálogo para que este comprenda as súas circunstancias vitais e o contexto histórico da emigración galega.
- Incorpora as historias de vida das persoas maiores participantes e o resultado dos traballos realizados polo alumnado á web www.falamedaemigracion.afundacion.org

D./D.^a.....

CON DNI/NIE e teléfono de contacto

autorizo o/a alumno/a

do centro do curso

a realizar un traballo sobre a miña historia de vida, e autorizo a Afundación para que poida utilizar as fotografías ou gravacións de son e vídeo proporcionadas por min para o traballo do/da alumno/a, no marco do proxecto interxeracional «Fálame da emigración. O valor da experiencia», para utilizar as devanditas imaxes con fins pedagóxicos e para a difusión educativa e non comercial a través da web de Afundación, das súas redes sociais e por calquera outro medio. Así mesmo, autorizo a Afundación para difundir os resultados do traballo realizado polo/a alumno/a sobre a miña historia de vida no marco deste proxecto. A presente autorización non ten limitación territorial concreta e será válida durante a duración do proxecto e posteriormente, para realizar o labor de difusión e comunicación do mesmo.

Os datos e a información facilitados neste documento serán incorporados aos ficheiros de titularidade da Fundación Galicia Obra Social e tratados coa finalidade de xestionar e tramitar a solicitude, así como mantelo/a informado/a, por correo electrónico ou calquera outro método telemático, doutros eventos semellantes, organizados por nós ou algúns dos nosos colaboradores. Poderán facerse efectivos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na forma recoñecida na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, nas nosas oficinas da Coruña, situadas na rúa San Andrés, 135-137 – 2ª, código postal 15003, á atención do Comité LOPD.

Asinado en a de

Debe entregarse esta autorización ao profesorado responsable do proxecto «Fálame da emigración. O valor da experiencia» no centro educativo, que á súa vez a remitirá ao centro de maiores Afundación máis próximo ao seu domicilio (<http://www.afundacion.org/ga/centros>) ou ao seguinte enderezo: Afundación, rúa San Andrés, 135-137, 1º, 15003, A Coruña.

//Afundación

Obra Social ABANCA

Sede Afundación A Coruña
Cantón Grande, 8
981 180 065



Material baixo licencia de Creative Commons Recoñecemento-NonComercial 4.0 Internacional



A túa opinión conta!
afundacion.org